

MYSTERIOUS OBJECT AT NOON

111

[Apichatpong Weerasethakul, 2000]

ESTREA EN NUMAX: 04.05.2016 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

Dokfa nai meuman (2000, 83')

Dirección: Apichatpong Weerasethakul

Guión: Apichatpong Weerasethakul

Reparto: Phurida Vichitphan, Mesini Kaewratri, Saisiri Xoomsai

Montaxe: Tony Morias, Apichatpong Weerasethakul

Son: Sirote Tulsook Paisit

Fotografía: Sayombhu Mukdeeprom, Prasong Klimborron

Produtora: 9/6 Cinema Factory, Firecracker Film,

Fuji Photo Film (Tailandia), Hubert Bals Fund (Holanda)

Distribuidora: Capricci Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1.37:1

FILMOGRAFÍA

Cemetery of Splendour, 2015

Mekong Hotel, 2012

Tío Boonmee recuerda sus vidas

pasadas, 2010

Phantoms of Nabua, 2009

[curtametraxe]

Síndromes y un siglo, 2006

Tropical Malady, 2004

Blissfully Yours, 2002

SINOPSE

A realidade e a ficción danse a man neste aclamado documental experimental. Sen un guión nin tema específico, o equipo de rodaxe mobilizarase a través de toda Tailandia e outorgará carta branca aos seus habitantes para contar unha historia sobre un neno e o seu mestre.

PREMIOS

Yamagata 2001 (mención especial NETPAC, premio runner-up),

Jeonju 2001 (premio Woosuk), Fribourg 2002 (nomeado a

mellor filme), Vancouver 2000 (premio Dragons and Tigers).

«Unha peza de música de cámara que se expande lentamente en todo un movemento sinfónico»

Elvis Mitchell, THE NEW YORK TIMES



MYSTERIOUS OBJECT AT NOON

[Apichatpong Weerasethakul, 2000]

O cadáver exquisito de *Mysterious Object*

Por Jean-Michel Frodon

Érase unha vez. Érase unha vez un vendedor de peixes que percorría barrios e vilas; un neno extraterrestre, un tigre enfeitizado. Era, é, son, unha e varias veces, militares no poder, o terror ao servizo do padriño estadounidense, a corrupción en vilas e cidades. Son, un número infinito de veces, historias, caras, lugares, luces, atmosferas, voces, corpos.

Érase unha vez un filme en nome do OVNI que xurdiu das salas escuras procedente dun país tan pouco transitado polas pantallas internacionais como Tailandia, acompañado dun nome que teríamos que aprender a memorizar, Apichatpong Weerasethakul. Así se chama un dos meirandes artistas das primeiras décadas do século XXI cuxa primeira longametraxe se sitou como un punto de referencia en varios festivais occidentais mais nunca chegou a exhibirse en salas.

Mysterious Object at Noon, cunha liberade que confunde e transporta a un tempo, nace dun gusto desmedido polo relato, pola invención narrativa, cunha inclinación pronunciada cara ao fantástico, mais bebe tamén da realidade do seu país, vilas e cidades, campo e selva, política e vida cotiá. Apichatpong Weerasethakul tiña trinta anos no ano 2000, estudara artes plásticas en Chicago e tiña realizado en Tailandia un bo número de pezas breves pero moi inventivas. En 1997, lanzouse ás estradas e camiños do seu país, rexistrando fragmentos de relatos que se dispoñían a xeito dun cadáver exquisito vivente que agromaba pouco a pouco ao seu paso, diante da cámara.

Cientes dun bar, amas de casa a camiñar ou nenos de escola contribúen cos seus relatos imaxinados, extraídos da súa experiencia ou recollidos do folklora. Mesmo as informacións da radio contribúen a un filme que se inventa a si propio no movemento de palabras múltiples, de imaxes a un tempo documentais e ficcionais.

É simple, estraño, inesperado. Gravado sen apenas medios, hoxe restaurado grazas á Film Foundation de Scorsese. A fita ten un branco e negro algo inestábel, imaxes e sons decote

atrapadas ao voo mais que acadan impresionante beleza en certos planos que anuncian as esplendorosas *Blissfully Yours* (2002), *Tropical Malady* (2004) ou *Uncle Boonmee* (2010). É como un soño, con asociacións de ideas, formas de aparencia errática que riman cunha chea de elementos xustamente porque o lugar non é lóxico. Porque cuestiona o mundo, aquí, sempre, tanto na súa crueldade como na súa beleza, nos seus abismos e nos seus goces simples e soños inventivos.

Non é ao mediodía [*at noon*] senón nos albores do século, cando un obxecto misterioso apareceu. A súa luz chéganos hoxe mais a súa influencia é igualmente emocionante, encantadora e desafiante.

Publicado en <http://blog.slate.fr/>

“Quero que o cinema sexa unha ferramenta de liberación”

Entrevista a Apichatpong Weerasethakul por Sam Adams

No teu primeiro filme, *Mysterious Object at Noon*, pídelle á xente da rúa que faga parte dun relato *in progress*, un cadáver exquisito que muda constantemente de aparencia. Os teus filmes mudan tamén acotío de estilo: o romance gay de *Tropical Malady* torna fábula sobre un tigre místico.

Por que che interesa mesturar estilos diferentes nun só filme? Tento emular o patrón da nosa memoria e pensamento e o azar da vida. É como unha viaxe. Iso é máis significativo na beleza da vida, que non contas con ela. E non só a beleza senón tamén o feito de que nunca hai nada concreto na existencia. Quero que o cinema sexa unha ferramenta de liberación.

E cando falas de liberación, a que te estás a referir? Liberación dos preconceptos, liberación dos patróns coñecidos sobre o tempo presente nun filme. Iso é o que me mantén facendo cinema, que gozo con el porque é algo lúdico. Un xogo.

Publicado en www.avclub.com
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Tío Boonmee recuerda sus vidas pasadas.
Apichatpong Weerasethakul. Karma [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org